



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Diversidade e Xénero		Código	710G05017
Titulación	Grao en Relacións Internacionais			
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuadrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Humanidades			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado	,	Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Despois do período da Guerra Fría a partir de 1989 comézase a incorporar a crítica feminista ás estruturas de coñecemento subxacentes nas que se basearon os estudos de política internacional, coas que facer visibles os mecanismos e as relacións de dominación e subordinación entre homes e mulleres indispensable para comprender as dinámicas xeopolíticas. Os estudos de xénero e a visibilización das mulleres, converteuse nun asunto central para as políticas de Nacións Unidas que queda subliñado desde a axenda do milenio e máis aínda se cabe na axenda 2030, ao destacar que sen igualdade e sen o empoderamento das nenas e mulleres, que constitúen a metade da poboación mundial, non será posible a consecución de sociedades desenvolvidas, sostibles e pacíficas. A perspectiva de xénero representa por tanto o principal reto do estudo e da práctica da política internacional, un coñecemento indispensable para aquelas persoas que han de formarse como especialistas en relacións internacionais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	CE5 - Comprender e analizar os procesos globalizadores, as dinámicas de deslocalización e estratexias alternativas.
A7	CE7 - Analizar a realidade global nas súas diferentes dimensións, en particular a xeográfica, a política, a social, a económica e a xurídica.
A8	CE8 - Ser capaz de aplicar a metodoloxía científica aos retos sociais, políticos, económicos e xurídicos con elemento internacional.
A10	CE10 - Adquirir coñecemento das técnicas, métodos de traballo e análise das ciencias humanas, sociais e xurídicas.
A11	CE11 - Analizar a realidade política, social e económica no marco da cooperación internacional ao desenvolvemento.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B7	CG2 - Adquirir habilidade para traballar nun contexto internacional.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
C6	CT6 - Adquirir habilidades para a vida e hábitos, rutinas e estilos de vida saudables, así como un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Capacitación para integrar a perspectiva de xénero na praxe social cotiá e máis especificamente na praxe profesional. Recoñecemento da existencia da desigualdade de xénero na sociedade na que vivimos como paso para asumir un compromiso ético na loita pola igualdade		A5	B3
		A7	B7
		A8	C4
		A10	C6
		A11	

Contidos



Temas	Subtemas
A construción da identidade sexo/xénero	O patriarcado como sistema de dominación Os estereotipos de xénero descritivos (características) e prescriptivos (roles) Socialización e xénero
O movemento feminista: ondas e fitos	A primeira onda feminista A segunda onda feminista A terceira onda feminista Estamos a iniciar a cuarta onda feminista?
Desigualdade e discriminación	No ámbito educativo: vertical e horizontal No ámbito Laboral: a brecha salarial No ámbito económico/político: feminización da pobreza
Desigualdade e violencia	Violencia física Violencia sexual Violencia psicolóxica A violencia a través das novas tecnoloxías
Dereitos e políticas de igualdade	Dereito á Igualdade Dereitos Sexuais e Reprodutivos Dereito á Educación Sexual Políticas publicas para a promoción da Igualdade

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	4	3	7
Sesión maxistral	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	16	0	16
Traballos tutelados	A5 A7 A8 A10 A11 B3	15	0	15
Presentación oral	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	3	40	43
Proba de ensaio	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	1	30	31
Proba obxectiva	A5 A7 A8 A10 A11 B3	2	36	38
Atención personalizada		0		0
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado así como á presentación da materia
Sesión maxistral	Exposición por parte do/a docente dos contidos teóricos da materia.
Traballos tutelados	Levará a cabo un traballo en grupo tutelado sobre contidos específicos da materia que pode ser desenvolvido incluíndo a revisión de documentos científicos (libros, artigos ou capítulos de libros) informes de organismos nacionais e/ou internacionais, información recollida en medios de comunicación e/ou redes sociais, así como materiais audiovisuais.
Presentación oral	Exposición oral na aula
Proba de ensaio	Preguntas de desenvolvemento
Proba obxectiva	Preguntas concretas a contestar



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Tutorías individuais e/ou en grupo

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Actividades iniciais	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	Actividades encamiñadas a tomar contacto co alumnado así como á presentación da materia	10
Proba obxectiva	A5 A7 A8 A10 A11 B3	Preguntas obxectivas	30
Presentación oral	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	Exposición traballos	2
Proba de ensaio	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	Preguntas de desenvolvemento	30
Traballos tutelados	A5 A7 A8 A10 A11 B3	Levará a cabo un traballo en grupo tutelado sobre contidos específicos da materia que pode ser desenvolvido incluíndo a revisión de documentos científicos (libros, artigos ou capítulos de libros) informes de organismos nacionais e/o internacionais, información recollida en medios de comunicación e/o redes sociais, así como materiais audiovisuais.	28
Sesión maxistral	A5 A7 A8 A10 A11 B3 B7 C4 C6	Exposición por parte do/a docente dos contidos teóricos da materia	0

Observacións avaliación

Os/as alumnos/as terá a opción de escoller entre a avaliación continua e a global no prazo dun mes desde o inicio das clases. AVALIACIÓN CONTINUA Criterios de avaliación continua: desenvolvemento dun traballo obrigatorio EN GRUPO (30 %), presentación do traballo (20 %) exame de desenvolvemento (30 %), exame de preguntas obxectivas (30 %). Deberán superarse todas as probas para superar a materia. AVALIACIÓN GLOBAL traballo obrigatorio individual tutelado polas/os docentes (20 %), exame escrito (40 %), exame oral (40 %). Deberán superarse todas as probas para superar a materia, o que implica que deberá obterse un micho de 2 puntos no exame escrito, de 2 punto no exame oral e de 1 punto no traballo obrigatorio. As cualificacións serán colgadas na plataforma Moovi (UVIGO) e Moodle (UDC) e enviadas aos móbiles a través da secretaria virtual.

As datas, horarios e lugar no que se realizarán as probas de avaliación das diferentes convocatorias serán as aprobadas pola Xunta de Facultade para o curso 20 para o curso 2023-2024. As titorías do profesorado da materia poderanse solicitar no seguinte correo: lameiras@uvigo.gal para estudantes da Universidade de Vigo no campus de Ourense e no seguinte correo luis.garate@udc.es para estudantes da Universidade da Coruña no Campus de Ferrol

Fontes de información



Bibliografía básica	- Ekis Ekman , K. (2023). On the meaning of sex: thoughts about the new definition of woman. Spinifex Press - Ekis Ekman, K. (2013). Being and being bought: prostitution surrogacy and the split self. Spinifex Press - Lameiras, M.; Rodriguez, Y. y Adá, A. (2022). El cuerpo del delito: la cosificación sexual de las mujeres. Tirant Humanidades - Mirayes, Alicia (2021). Distopias patriarcales. Cátedra - Harris, Olivia y Young, Kate (comps) (1977). Antropología y feminismo. Anagrama - Valcarcel, Amelia (2023). La civilización feminista. La esfera de los libros - Moore, Henrietta (1999). Antropología y feminismo. Cátedra - Alario, Mónica (2021). Política sexual de la pornografía: sexo, desigualdad y violencia. Cátedra - Ana de Miguel (2015). Neoliberalismo sexual: el mito de la libre elección. Cátedra - Sanday, Peggy Reeves (1986 (1981)). Poder femenino y dominio masculino. Sobre los orígenes de la desigualdad sexual.. Ed. Mitre - Ortner, Sherry (1997). Making Gender. Beacon Press - Moncó, Beatriz (2011). Antropología del género. Editorial Síntesis
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Antropoloxía dos Problemas Globais/710G05008

Socioloxía da Globalización/710G05002

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías